

# Rajoyexit, “finiquito diferido”



# A foto que fala

Que teñades un descansado e refrescante verán. Lémonos á volta!



## O trasno O sentido no medio do caos

Daniel López Muñoz



Salah Dusaki, de 31 anos, xa naceu refuxiado, porque é dos palestinos que estaban escapados e acollidos en Siria. Despois fuxiu da guerra e leva xa dous meses no buque *Dignity I*, de **Médicos sen Fronteiras, facendo de mediador cultural e botando unha man no rescate de persoas que foxen da guerra para afogaren na mar. Eses que Europa rexeita.**

El foi dos primeiros, afortunado, e conseguiu asilo en Noruega. Logo púxose en marcha e leva máis de mil rescates doutros e doutras con peor sorte. Na radio contaron a súa testemuña, falando dunha desas vidas sal-

feliz. Tras o primeiro rescate dixer: tirarei o mellor de min para axudar a esa xente”

Salah debeu experimentar un subidón de “bonamina”, que non sei se ten existencia científica, pero si real, e debe ser algo así como a adrenalina da bondade, producida por unha glándula invisible pegadiña ao corazón. En situacións límite, cando o caos se impón, hai xente que saca o peor de si mesma –moitos “obrigados” polo sistema- pero hai quen tira de *humanidade compartida* e fai pequenas heroicidades que proporcionan unha subida desa hormona e

vadas: “Mireino aos ollos e vin o medo e, ao tempo, a felicidade de atopar alguén que os salvaba, que os quitaba da auga... Lembro exactamente como me miraban... e veume unha gran sensación, sentín nese momento que estaba a facer algo importante para axudar á xente. Fun

unha sensación de plenitude e de sentido. Por iso di Salah: “Fun feliz”

E esa substancia autosegregada é tan potente que queda no organismo, concretamente no sistema límbico (aí entremedias do hipotálamo e a amígdala cerebral) para sempre. E cando un ten unha crise de sentido, de por que carafío está aquí, de que todo isto é unha merda, a pegada da bonaminaponse en acción e recoloca todo, e dá sentido, e serve para saír da depresión. Porque a xenerosidade que tivemos noutrora é fonte de sentido para sempre. **É como auga bendicida**, un agasallo das alturas... ou das profundidades. Misterios amorosos.

O perigo do sen sentido, curiosamente, non está no caos, senón na orde fría e impersoal, nese mundo disque perfecto que nos fai crer que non lle debemos nada a ninguén. O sen sentido está dentro de Europa. A depresión, a infelicidade e a taxa disparada de suicidios adolescentes, tamén.

Hai un alarmante déficit de bonamina no organismo dos cidadáns europeos.

# Editorial Rajoy e o Brexit

Todo indica que un dos desencadeantes decisivos do Brexit, da victoria no referéndum para que o Reino Unido marche da Unión Europea, foi o medo ao fluxo de inmigrantes que esa Unión fai posible. Un medo que parece máis simbólico ca real, porque Londres, precisamente o lugar con maior inmigración de toda a Gran Bretaña, foi unha das prazas con maior respaldo á permanencia. É dicir, os que máis se benefician dos inmigrantes danse máis conta do necesarios que son. Iso ten que ver coa máxica forza que a Unión Europea ten, malia aos seus detractores e defectos, en millóns de europeos -tamén británicos- a quen se facilita vivir noutros países. Como todos os proxectos é manifestamente mellorable, pero tamén moi empeorable, se nos esforzamos en conseguilo.

## O electorado percibe a esquerda como máis simbólica ca pragmática

Non é este o lugar no que polemizar sobre os que se deu en chamar *referendos trampa*, nos que disque coñecemos os efectos dun resultado (continuar na UE), pero non o doutro (saír dela). A consulta popular é a clave da democracia. Pero hai medios e partidos, nesta Europa con trazos neofascistas, que non axudan á reflexión con argumentos, senón que van directamente á viscera e apelan ao medo ao diferente, ao futuro, ao cambio. Calquera referendo debe facerse coa pedagogía das razóns e das consecuencias. Sexa o do Brexit, o escocés ou o catalán.

Moi probablemente a cousa influíu nunha España en plena xornada de reflexión. E en Galicia tamén. Porque o ADN europeo integrouse na nosa cadea xenética democrática. E aínda que saibamos que é defectuoso, tamén nos decatamos da súa necesidade, malia a fraxilidade dun continente no que os movementos xenófobos teñen á Unión Europea como inimigo común e onde o capital financeiro manda máis cós pobos.

Non hai présa. As présas non son boas. Tampouco na nova esquerda europea, española e galega. Asaltar os ceos ou madurecer na realidade, lenta pero eficazmente? Demostrar capacidade para unha xestión diferente da cousa pública, dos servizos, das cousas de comer. Combater o discurso do medo con boa xestión de goberno. Crear soños asentados en feitos. Tampouco pasa nada, non é mal plan.

Continúa na páxina 6

# Rumores de esperanza

Xan Guillén

Chegou o verán. Praia, tempo libre, piscina, sol, terraciña, cervexa cos amigos e amigas, festas, viaxes... En definitiva, para moitos é tempo no cal un pode facer o que lle peta.

Hai moitas opcións para encher ese tempo libre pero, se cadra, hai que destacar aquelas que se fan co corazón na man. Eu estou pensando naquela xente que aproveita a estación para ampliar o seu mundo e o dos demais. Son xente que pasa o verán de voluntariado en mil e un lugares do mundo. Se cadra nos países do terceiro mundo ou se cadra neste mundo que está tan preto e tan necesitado de alguén que lle bote unha man. Tamén hai xente que pasa o seu verán facendo o traballo de formar a xente nova

en opcións alternativas de tempo libre. Penso nos monitores e monitoras de campamentos que pasan uns días esgotadores facendo cousas inesquecibles para os nenos e nenas. E tamén penso naqueles que aproveitan o seu verán para aprender cousas: idiomas, teatro, baile... A lista é interminable.

Se vos dades de conta case todas as propostas que fago son levadas adiante por xente nova. O discurso oficial é que a mocidade é apática pero ver a unha rapaza bailando nun campamento con nenos ou a un mozo na India pintando unha escola acompañado con xente esquecida é unha vacina contra o pensamento único. E esta vacina é a que precisa a nosa sociedade. Feliz e creativo verán.



1



3



2



4



# A peneira

1

O 9 de abril foi o centenario do nacemento de Manuel Lueiro e o 10 de agosto é o de **LORENZO VARELA**, na Habana pero con raíces en Monterroso. Os dous foron loitadores pola democracia e pola fala, mesmo nos seus anos de exilio en Bos Aires.

## LUGO

*Na fonte de ferro,  
no coiro dos bois  
no espello do vento,  
da navalla e da frol.  
No recén da herba,  
no lobo e no can,  
nos ollos da meiga,  
na pedra do lar.  
No refaixo dela,  
na ponte do alén  
no andar das ovellas,  
no ar do mencer.  
No cabalo quente,  
no viño millor  
no que non se perde  
no meu corazón.  
Na noite senlleira,  
no liño tecido,  
na madeira tenra  
dos vellos castiros.*

*Na vida, na morte, no amor e no ren,  
loubareite, Lugo de aceiro e de mel.*

2

A maioría das 325 nenas e nenos saharauís que veñen este verán, xa estiveron o pasado. Con todo, distan moito dos que acolliamos hai anos, a través de Solidariedade Galega co Pobo **SAHARAHUI**, que urxe en Compostela o asilo político para Hassann Aaalia condenado a cadea perpetua por Marrocos.

3

O 2, Día das **COOPERATIVAS**, celebramos a alternativa que supoñen á economía competitiva, buscando o desenvolvemento dos recursos locais e o benestar das/os integrantes. É o caso da Cooperativa As Lombas, que pelexou pola integración de persoas con merma dalgunha das súas capacidades.

4

Un terzo da poboación non pode peregrinar a Santiago guiándose pola **VIA LACTEA** debido á contaminación luminosa da luz artificial. A Agrupación Astronómica Coruñesa loita dende o 2002 por espallar a observación do ceo impedida polo exceso da iluminación artificial nocturna

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

O 30 é a xornada contra a trata das persoas, para a que imos concienciarnos coa obra de **TEATRO** *Trópico del plata*, do arxentino Rubén Sabadini, no 32º Festival de Ribadavia do 16 ao 24. Outras obras con protagonistas femininas son un alegato contra a violencia machista.

6

**A RIBEIRA SACRA**, xa antes da Volta Ciclista, está abrindo os tesouros e segredos do patrimonio como ocorre coas pinturas murais da coñecida como "Capela Sixtina da Ribeira Sacra" (en Sta. María de Nogueira de Miño) ou coa tradición tamén enxergada nos viños que están a exportarse (máis do 50% a EUA).

7

O 20 é a festa de **COLOMBIA** que pode reforzarse coa sinatura da paz despois de 50 anos de guerra e 8 millóns de mortos. Isto vai achegar cultivos alternativos á coca, que medrou un 44%. Na foto, o avogado Waldir Sinisterra, ameazado de morte polos paramilitares e exiliado en Lugo

8

Coa **INMIGRACIÓN** (29.993, é dicir 1774 máis ca o ano anterior) cubrimos as baixas da emigración (30.707). A inmigración enriquece Galiza con nova enerxía, e coa súa integración coma galeg@s loitan contra o despoboamento e a prol da supervivencia do noso país. Dende o 2013 íanse máis dos que viñan.



# Editorial Rajoy e o Brexit

Que o terremoto do Brexit lle facilitou as portas da victoria a Rajoy é tan probable como que teñamos unha esquerda que o electorado percibe como máis simbólica ca pragmática, que se adapta peor á realidade que a dereita, e que vive máis da indignación do que non debe ser, que da angueira política cotiá, aburrída e necesaria.

E así pasamos dunha situación na que había unha posibilidade real de cambio político “imperfecto” defendida moi torpemente polo PSOE (tan torpemente que fai dudar da súa real intención), a un escenario de probable continuidade do PP, quizais algo matizada. Efectivamente, o feito de carecer de maioría absoluta non é un tema menor. Malia que Ciudadanos, PNV e Coalición Canaria poidan apoiar o PP, o PSOE (ou Podemos) serán necesarios

para legislar. En que se concretará esa capacidade de condicionar a acción de goberno do PP?

En Galicia repetíronse as tendencias pero máis agudizadas. A caída das Mareas pode ser indicativa da desmotivación polas desavinzas e desencontros entre líderes. Posiblemente tamén teña que ver coa desilusión causada por non poder ter un grupo parlamentario galego, tema importante que só era prioritario para os nacionalistas da confluencia. Con todo, os votos perdidos das Mareas non volveron ao BNG, que sabe que este non é o seu

momento, e que terá que convencer ao electorado nas galegas de outono que é algo máis ca unha meritória forza de resistencia, cun nobre pasado que provoca simpatía. Futuro, apertura, capacidade de contaxio. Non sabemos que voz terá Galicia na nova lexislatura e botaremos de menos a presenza daquel BNG que quería ser voz da terra.

Igual hai unha segunda oportunidade para o cambio na gobernación do Estado. Será difícil: pero que precisamente os partidos que ideoloxicamente se sitúan na esquerda fosen os que máis trabas puxeron na negociación do pasado goberno, pode ser que tamén teña que ver con este resultado. E debería facerlles reflexionar sobre o feito de que os cidadáns, e máis aínda en época de interminable crise, non queren épica nin lírica, senón boa política.

## RESULTADO GALICIA






# O peto común

Teresa Souto Loira

Soben as temperaturas, e as pequenas e pequenas xa remataron o curso escolar. Agora toca que as nais e pais que traballan fóra do fogar fagan encaixe de bolillos para deixalos unhas horas nun campamento urbano, ou na ludoteca, ou coa avoa, ou co tío que xa está de vacacións... A conciliación segue sendo unha materia pendente.

E despois das frustracións, respectando todas as opinións, claro está, destas segundas eleccións, pois non nos toca outra que seguir adiante, motivarse e renacer, e seguir loitando e defendendo o que cremos. Acabo de chegar dunha formación na que falabamos de como motivar a xuventude para a participación social, o emprendemento, o asociacionismo... Penso... como motivar a mocidade para que escape do individualismo, da burbulla na que nos encapsulamos a diario, o noso traballo, a nosa familia-casa, o noso coche, a nosa serie, libro, etc? A mocidade, encapsulada no seu Facebook, os seus amig@s, os seus estudos, o seu, o meu... Non pensamos no noso, non pensamos nada en común. E se non pensamos en común, non nos vemos como axentes de cambios, como participantes, como persoas asociadas, como persoas referentes, como empoderadas, e non animamos os máis pequenos e pequenas do noso país a que soñen con cambiar e mudar o que non lles gusta, e a loitar xuntos por ese desexo. Outra materia pendente, a motivación.



## O CARRABOXO por ROBE LOIS





*Póñome a escribir estas verbas nunha noite pouco leda para os que estamos fartos do saqueo do PP ás clases traballadoras de Galiza e España, do seu ataque continuado aos dereitos dos máis febles para favorecer os ricos e poderosos, nunha perversa aplicación do “principio Mateo” (a quen ten moito daráselle máis, e a quen ten pouco o pouco que ten háselles quitar para darlo a quen xa ten moito). Póñome digo, despois de ollar as caras tristes dunha ilusión frustrada: cremos que podemos cambiar as cousas co apoio da xente, cambiar a política noventa deste país... pero, parece que non é aínda o tempo.*

### Entre a esperanza e a desconfianza

Estas caras tristes contrastaban coas ledas e ilusionadas que vira dous días antes, na mañá do xoves 23 de xuño –en Colombia–, antes de coller o avión para A Coruña. Eran as da xente que levaba moitos anos agardando –entre a esperanza e a desconfianza–

Mentres a maioría de colombianos con televisión ollaban en directo ese momento histórico, un grupo de privilexiados ateigaba o salón de negociacións da Habana, agardando a esperada sinatura de paz definitiva entre o presidente Juan Manuel Santos e o líder das FARC, Rodrigo Londoño (alias *Timochenko*), co apoio

## O futuro non se vai facer só coa educación, cómpre unha xustiza verdadeira.

a sinatura de paz entre o goberno do país, co seu exército, e a forza guerrilleira máis importante, as FARC-EPL (Forzas Armadas Revolucionarias de Colombia e Exército Popular de Liberación); coa presenza, tamén, na mesa de negociación, das vítimas dun conflito que durou máis de cincuenta anos e levou por diante máis de 300.000 vidas (incluídos os máis de 50.000 desaparecidos), millóns de desprazados das súas terras, etc. Fálase de oito millóns de vítimas. En Bogotá atopámolos a diario, e cando se vai ao rural, sobre todo a algunhas zonas, en cada casa hai algún asasinado.

importante da comunidade internacional: o secretario xeral de Nacións Unidas, Ban Ki-Moon (que resaltou o compromiso da ONU para que este proceso de negociación de paz sexa efectivo), seis presidentes latinoamericanos (entre eles o presidente de Cuba, Raúl Castro, anfitrión), e representantes de EUA e algúns estados europeos.

### Puntos importantes do acordo

A sinatura representaba o cese ao fogo bilateral e definitivo, o abandono das armas por parte das FARC, as garantías de seguridade para estes e a loita contra organizacións criminais do narcotráfico, a delincuencia



e –sobre todo– as bandas “sucesoras do paramilitarismo e as súas redes de apoio”, co obxectivo de asegurar a plena oportunidade para a participación política dos ex guerrilleiros na súa reintegración á sociedade civil, e un referendo popular destes acordos, aínda pendente de data. É moi importante que se teña incluído este aspecto nos acordos, co que o presidente Santos se enfrenta ao seu predecesor o presidente Uribe, que fortaleceu estas temibles forzas paramilitares que actuaban coa complicidade do exército, e foron os autores dos peores masacres.

### **O grande ausente**

Unha das cousas tristes no acordo é que non entrara nel o ELN (O Exército de Liberación Nacional, que aínda existe cincuenta anos despois de que Camilo Torres se integrara nel, ao se facer imposible o seu proxecto político por cambiar unha política inxusta, a ditadura de dous partidos burgueses contra calquera outra alternativa de poder), precisamente por estar convencido de que os paramilitares non ían deixar as armas e non ía quedar quen defendese deles os campesiños e, sobre todo, os seus líderes; con todo, xa están en negociacións co goberno, á expectativa do que vai resultar dos acordos da Habana. Por outra banda, en Bogotá van xa, neste medio ano, preto de vinte estudantes

universitarios asasinados por estes sicarios de terratenentes que buscan asentarse no campo. Mátanos por opoñerse aos seus proxectos, formaren parte de grupos críticos, lideraren manifestacións, etc. Xente pacífica, non armada, pero crítica.

### **Precísase xustiza social, reparto da riqueza**

“As balas escribiron o noso pasado, a educación escribirá o noso futuro”; díxolle o presidente Santos a Timochenko. Oxalá; pero este futuro non se vai facer só coa educación, senón, máis aínda, co exercicio dunha xustiza verdadeira, e a busca de meirande equidade no reparto da riqueza dun

de acadarse. Así o teño comprobado non só nos barrios pobres de Bogotá (Ciudad Bolívar, Soacha, Bosa...), senón, e máis aínda, no mundo rural, esquecido e abandonado do goberno, e a onde só van as multinacionais cos seus proxectos mineiros e de monocultivos, que arrasan cos cultivos dos labregos, secan as súas fontes e contaminan os seus ríos, sumíndoos na miseria e na fame.

### **Violencia no relixioso e esforzo ecuménico**

É unha moi boa nova que calen as armas en Colombia, despois do conflito máis longo de América Latina, co convencemento de que a paz e a xus-

## A poboación está marcada pola violencia interiorizada desde séculos.

país rico cheo de xente pobre. Un país no que unha pequena minoría acapara a meirande parte da riqueza; pois esa é sempre a principal raíz da violencia, unha raíz que resulta clamorosa en Colombia

Ban Ki-Moon asegurou que este pacto “fortalecerá o camiño” cara á paz definitiva en Colombia. Verba intelixente esta de “fortalecerá”, que non “garantirá” a paz; pois no pode haber paz sen xustiza. E en Colombia unha mínima xustiza social está moi lonxe

tiza non se logran con violencia; pero non abonda. Ademais da necesaria xustiza e o recoñecemento dos dereitos dos máis pobres, que acabamos de apuntar, cómpre unha pacificación da xente. O colombiano/a está marcado pola violencia desde séculos; unha violencia metida no fondo do seu ser, que non lle deixa vivir con confianza. Unha violencia manifesta tamén no eido relixioso por ducias de anos e aínda séculos, e que resulta imprescindible superar nun diálogo ecuménico e interrelixioso, imprescindible nun país aínda maioritariamente católico no que se foron multiplicando nos últimos cincuenta anos as igrexas protestantes, e se foron implantando tamén outras relixións non cristiás, desde o islam ás relixións orientais. Un esforzo real que se está a facer, como comprobei neste tempo en Colombia, con repetidas mesas ecuménicas e interrelixiosas pola paz.

O gran reto é agora o post conflito, pois é menos doado facer unha verdadeira paz que facer a guerra.



## O xílgaro liberado

Xílgaro fermoso e cantareiro. Teño paixón por el. Cando fai tempo axeitado sácoo para a solaina. Agradécemo cantando sen parar. Ás veces ven visítalo algún compañeiro. Póñense á porfía para ver quen aguanta máis tempo seguido cantando sen respirar. O meu resiste moito, pero observando nel penso que fai trampa porque o mesmo canta para dentro como para fóra. É dicir, igual canta ó aspirar como ó respirar. É un pillabán.

Onte escoiteino falar longo e tendido co compañeiro.

-¡Ola! Como estás!

-Eu ben. E ti... como é que ves cos pés mollados?

-Laveinos no río. Dinme unha ducha de moito pistón.

-E... que é o río?

- Nunca viches un río?

-Non. Sempre estiven aquí metido na gaiola.

-Non sabes o que é voar ceibe?

-Non. Cando me quero estirar, fágoo saltando para riba e para abaixo.

- Que pobriño es!

- Por que? Teño comida de sobra, e o meu amo divírtese moito comigo.

-Tes razón. Divírtese el. E ti?

-Eu... Pois tamén. Non coñezo outra cousa. Fun feito e educado para isto.

-Educado para que? Para divertires ao amo? Maldita sexa!

-Pero... Por que te enfadas? Eu si que debería ter pena de ti. Tes que buscar todos os días a comida tanto que chova como que neve ou faga sol, non tes casa onde durmir, estás exposto a que te pille algún bexato... Andas sempre como un mendigo

-A min si que me das pena, moita peniña, meu amigo. Non sabes o que é vivir. Mira que che diga: prefiro durar menos (sempre será o meu durar) e non ter a quen servir, andar ceibe, loitar contra o vento, esconderme do bexato, facer o niño onde me pete... a ter que cantar cando ao amo lle guste ou obrigado a lamberlle os pés.

-Eu os pés non llos lambo. Soamente os labios.

-Como? Que lle lambes os labios! Que é iso?

-Pois si. Ás veces, cando está aburrido, cólleme na man, sácame da gaiola, pon o meu pico nos seus labios, bota coa lingua un chisquiño de cuspe e eu lámbo. Dálle moito gusto porque di que lle fago as cóxegas ao paso que lle chupo o cuspe.

-Cala! Cala! Que peniña me das, amiguiño! Nunca tal escoitei. Non pensei que a escravitude chegara a tanto. Ata o punto de ver como normal o que é unha triste desgraza. Compadézote! Agora comprendo que efectivamente fuches criado e educado para dar gusto a outro. Ti non es ti. Ti es o que o amo quer. Case estou por pensar que, se te deixaran ceibe, volverías para a gaiola. Non saberías vivir libre.

Canto me deu que repensar esta historia do xílgaro. Historia longa que se repite e repite.



## O repenso

Ramón Díaz Raña



# tantos

*X Tantos. Porque detrás de cada X hai unha historia* foi a campaña con que a Conferencia Episcopal Española tentou animar á cidadanía a contribuír ao seu financiamento a través do IRPF. Na busca de aumentar os case 8 millóns de contribuíntes que marcaron a cruz o ano pasado, a campaña publicitaria insistiu por segundo ano na posibilidade de marcar nas declaracións os dous x, a da Igrexa e a de fins sociais.

A CEE comezou a facer un pequeno esforzo na transparencia das súas contas, tanto para o seu financiamento coma no destino do diñeiro, mais aínda fica moito por saber. Quen observe a publicidade observará que se mantén a vaga confusión sobre o diñeiro destinado a Cáritas, que

apartado de “actividades pastorais nacionais”. E que dicir de 13TV, que no 2014 perdeu a cantidade de 12 millóns de euros.

Detrás de cada X hai unha historia, mais como nas matemáticas do colexio, detrás de cada X hai tamén unha incógnita a resolver, unha persoa adulta á que non se lle mira só o peto, senón que tamén conta para opinar sobre os recursos da súa comunidade e contribuír a decisión sobre o seu destino. Non son as cristiás comprometidas, as que se negan a marcar o X da Igrexa, quen dificultan o sostemento da institución.

En plena campaña do IRPF 2016 o presidente da Comunidade Valenciana puxo en coñecemento da cidadanía e da xustiza os gastos do V Encontro Mundial das Familias: 22 millóns de euros. Sabendo agora o que sabemos do goberno do PP de Valencia, detrás de cada euro tamén hai unha historia... de corrupción. Mais temos un millón e medio de razóns para reclamar un cambio radical na xestión dos diñeiros da Igrexa, que é o prezo que custou o altar para a misa central do papa Bieito XVI; que naquel momento ningún dos responsables da Igrexa española considerase un sacrilexio ese gasto, e que agora que se coñece non se asumise ningunha responsabilidade, fala por si propio da xerarquía da Igrexa, en España e en Roma. Si, detrás de cada X hai unha historia.

Detrás de cada X hai unha historia pero tamén hai unha incógnita por resolver

goza dun gran respecto social, mesmo dos non cristiáns. Non se aclara que moitos dos seus proxectos son financiados a través da casiña doutros fins, non da Igrexa, ao que concorre coma moitas ONG. Non se nos explica que fronte aos dous millóns de subvención directa que a Conferencia Episcopal destina a Cáritas, máis de dez foron para manter a COPE, como informou o conservador portal de internet Infovaticana, “ocultos” no



Calros Solla



É escusado afirmar que o patrimonio arqueolóxico na súa totalidade é merecente de protección, conservación e difusión, mais, en Terra de Montes, o conxunto que require dunha atención urxente e reparadora é o constituído polo monte do Seixo. *Este territorio integrado na Rede Natura e rebautizado polo autor do artigo como “A Montaña Máxica” e acolleranos a comezos de setembro na XXXIX Romaxe.*

Vista xeral do Monte Seixo

### Territorio fronteirizo. Responsabilidade repartida

Coñecen polo miúdo a miña devota inclinación por esta montaña. Levo dende os dez anos galgando as súas lombas e aínda hoxe, trinta anos despois, este excepcional lugar segue agasallando a miña curiosidade con novas revelacións.

Poden atinxir tamén a miña doente frustración, a miña sensación de impotencia, cando, durante o proceso de recollida e estudo do seu xeneroso acervo, deron comezo as obras de construción do parque eólico, alá polos anos 1999-2000. Transcorridos dezaseis anos, só os que dun xeito ou doutro tiraron e tiran proveito da instalación industrial –pírrico beneficio– defenden a permanencia das tarabelas no alto do monte, amparándose no mutismo fronte á desfeita patrimonial alí consumada.

Segundo o artigo 25 da Lei 8/1995 do Patrimonio Cultural da Galiza: “Os propietarios, posuidores e demais titulares de dereitos reais sobre bens integrantes do patrimonio cultural da Galiza están obrigados a conservalos, coidalos e protexelos debidamente

para asegurar a súa integridade e evitar a súa perda, destrución ou deterioro” e tamén “Os poderes públicos garantirán a protección, conservación e enriquecemento do patrimonio cultural da Galiza”.

Como expuxen en *Reivindicación da Montaña Máxica* (2007), a consideración de territorio fronteirizo que, dende ben antigo, se lle outorga ao monte do Seixo fai que a responsabilidade do acontecido (xa por ignorancia, xa por desleixo) deba ser repartida e compartida proporcionalmente

## Estou afeito a predicar no deserto

entre os concellos que manteñen no planalto os seus deslindes: Cerdedo, Forcarei, A Lama e Cotobade.

### Responsabilidade repartida. Concello de Cerdedo

Polo que respecta á márdea Cerdedo-Forcarei (caendo do lado forcareicense), anotaremos o lamentábel estado de conservación do gravado rupestre do Outeiro do Coto.

No cimo do monte, a 1.015 m de altitude, ergueuse un dos 80 aeroxeradores (aprox.) que criban aquela porción da serra do Cando. A operación de alicerzado e izado requiriu da remoción dunha área de 2.000 m<sup>2</sup> que supuxo a alteración, destrución ou soterramento do laxedo existente. A uns 50 m cara ao noroeste localízase a antiga caseta da Forestal e á súa beira o petróglifo do Outeiro do Coto: Tres cazoletas aliñadas de menor a maior que, orientadas cara a unha pía natural, describen un arco de circunferencia. A día de hoxe, descoñecemos se

na superficie afectada existían outros gravados, aínda que esta circunstancia é máis ca probable.

A preeminencia do Outeiro do Coto convérteo de seu nunha atalaia excepcional, polo que nos resulta incomprendible como se permitiu a construción do miradoiro (lousado de cemento e varandas de madeira) a menos dun metro da citada insculturra. O miradoiro, a todas luces super-



fluo, seica foi obsequio da empresa concessionaria.

María Cacheda Pérez, no seu traballo “A arqueoloxía no Plan Eólico da Galiza: Estudos de impacto arqueolóxico” (CAPA, nº 20, 2004), no que se inclúe o caso do monte do Seixo, afirma que, na elaboración dos ditos estudos, a “primeira fase de traballo de gabinete” obriga a consultar “a bibliografía existente da zona, o Inventario Arqueolóxico da Administración...” e, así mesmo, a “segunda fase de traballo de campo, consiste nunha prospección intensiva e sistemática nunha banda de 200 m desde a zona

## Van as leis para onde queren os reis

afectada polo proxecto, para catalogar os elementos patrimoniais nunha cartografía de detalle (páx. 16)”

Como se explica daquela que nos ditos informes (realizados en xullo de 1997 e febreiro de 2000) os arqueólogos non tomasen en consideración o gravado rupestre do Outeiro do Coto, elemento catalogado a priori no inventario de Patrimonio?

En territorio cerdedense obrouse a destrución da peneda denominada Castro Pequeno por mor da instalación doutro aeroxerador. O Castro Pequeno canda o Castro Grande constitúen o escenario do mito coñecido pola “galiña dos pitos de ouro” que se integra no ricaz universo mitolóxico do monte do Seixo. As lendas e os lugares que as inspiran forman un todo indisciñabel. A desaparición do seu contexto espacial eiva sen arranxo posíbel o aderezo lendario.

A escasos metros do outeiro esnaquizado, a empresa concessionaria chantou un cartaz onde, nun hipócrita desaforo, ousa instruír o visitante:

“se ruega ser especialmente cuidadosos con el medio ambiente”. Velaquí un inquestionábel insulto á intelixencia.

### Responsabilidade repartida. Concello de Forcarei

Polo que atinxe ao patrimonio arqueolóxico que no monte do Seixo compete ao concello de Forcarei, cómpre facer fincapé no estado de abandono e indefensión no que se atopa a necrópole tumularia de Chan de Mamas.

Des que no ano 2005 acordei organizar visitas guiadas polos oito roteiros deseñados para a montaña, unhas 3.000 persoas, galegas e foráneas, tomaron parte nas diversas actividades programadas. É oportuno salientar as mostras de indignación e o sentimento de vergoña allea provocados pola contemplación da desfeita. Como é posíbel que un cemiterio neolítico fose o lugar escolleito para construír o edificio da subestación eléctrica e mais un aparcadoiro? Como se puido permitir a transformación dun dos túmulos (a Mámoa Ghrande) nunha rotonda? Por que se autorizou a erección dun aeroxerador a menos de 20 m da



dita mámoa?

A maiores, é responsabilidade de Forcarei que un dos viais do parque eólico asoballase uns 20 m do aliñamento lítico (coñecido popularmente polas Pedras Ghiadas) que dende a mámoa de Xestido conduce deica o Castro Grande. Este elemento tampouco se atopaba entre os inventariados no informe de impacto arqueolóxico.

Amais, a Forcarei incumbe esencialmente o espolio que se leva cometendo coa cachotaría do muro do pasteiro do Seixo. A apertura de pistas, o tránsito indiscriminado de vehículos e a ausencia de gardarías favorecen o roubo reiterado destas pezas.



Petróglifo do Outeiro do Coto ao lado do miradoiro obsequio da empresa concessionaria

**Responsabilidade repartida. Concello da Lama**

Polo que respecta ao concello da Lama, a escasos 90 m do santuario rupestre da Cruz do Seixo que, aínda hoxe, os veciños da Barcia do Seixo lle atribúen a condición de chan sagrado, ergueuse outro aeroxerador. A área de remoción (soterramento da instalación de cables) non se limitou á base do mesmo senón que se estendeu ostensiblemente lomba arriba. A cruz (con certeza, medieval) figura entre os elementos inventariados polo informe de impacto arqueolóxico.

Por outra banda, a escasos 100 m da célebre Portalén e a uns 25 m da colosal pedrafita do Marco do Vento, fincouse outro aeroxerador. Alén dos prexuízos inflixidos sobre os bens de natureza arqueolóxica, o afeamento da paisaxe é indiscutíbel. Nin Portalén nin o Marco do Vento constaban nos informes de impacto arqueolóxico (do Marco existía bibliografía). Tamén, en territorio do concello da Lama, o milladoiro nomeado Onde Morreu o Home esvaece baixo a matogueira.

**Responsabilidade repartida. Concello de Cotobade**


Finalmente, no que concerne ao concello de Cotobade, alguén se deba responsabilizar da destrución doutro milladoiro, o Moreón das Pedras, que se localizaba na redonda da Fonte da Urce, e dos prexuízos causados tanto

ao marco da Santa Mariña, deslinde das antigas xurisdicións de Montes, Cotobade e Caldevergazo, coma ás rodeiras do Campo Xuncal (antigo camiño real). A reconstrución da ermida da Santa Mariña, de orixe medieval, levouse a cabo sen as preceptivas catas arqueolóxicas.

Conclúo facendo miñas as reflexións da profesora Cacheda: “O desenvolvemento excesivo e desorganizado dos plans eólicos é unha boa mostra da pouca capacidade de xestión e planificación por parte dos gobernos autónomos, demostrada a través da aprobación de diferentes plans es-

tratéxicos, ignorando a configuración da rede de espazos naturais ou o seu uso como unha arma estratéxica máis (páx. 12)? Ou o que é o mesmo: “Van as leis para onde queren os reis”

O deplorable estado do patrimonio arqueolóxico non é senón outro sinal inequívoco da prostración na que se some o noso pobo, embuchado de inmundicia televisiva, mangoneado polos que fan da política un chope e apadumado pola suposta ausencia de referentes éticos e alternativas rexeneradoras. Polo que a min respecta, feito estou a predicar no deserto.





# Boa Nova



## Vai e fai outro tanto

A historia de hoxe comeza cunha pregunta que un xurista lle fai a Xesús sobre que hai que facer para se salvar. É obvio que o home coñecía a resposta, pois era un experto na Torá, pero o que buscaba era desafiar publicamente o mestre sobre o seu coñecemento e fidelidade á Lei. Xesús devólvelle a pregunta coa mestría dun “bo galego” facendo que el mesmo responda. Este o fai con pulcritude recollendo dous mandamentos que na Torá aparecen separados (Lv 19,9-18; Dt 6, 4-9) pero que el sabiamente vincula: a actitude cara a Deus e cara aos demais. O fracaso na provocación fai que xurista lance un novo desafío: quen é o meu próximo?

O Mestre preséntalle entón unha parábola, na que con aparente “inocencia” evidencia a hipocrisía que moitas veces está detrás de certas actitudes relixiosas. Os diferentes personaxes que aparecen no conto van tecendo unha proposta provocadora da que o letrado non vai poder escapar.

O texto de Lv 19,9-18 explicita claramente como se ten que actuar cos demais (o próximo); este é o mapa relixioso que o escriba ten na súa mente, pero o mestre vai desafiar ese marco de comprensión. Agora o próximo é quen é capaz de ter coraxe e gratuidade para actuar con misericordia co necesitado. Unha misericordia que rompe coas fronteiras relixiosas, sociais e culturais para atoparse co ser humano que precisa axuda. A maior provocación está en que o modelo de comportamento é un samaritano (herexe e impuro) e non aqueles que estaban chamados a exemplaridade (o clero).

Carme Soto

**DOMINGO 10 DE XULLO. XV DO TEMPO ORDINARIO**

**A PALABRA. Lc 10, 25-37**

Naquel tempo, cando se ía cumprir o tempo de que levantasen a Xesús deste mundo, decidiu en firme ir a Xerusalén. Mandou mensaxeiros por diante. Entrando estes nunha aldea de samaritanos, para lle prepararen pousada, non o recibiron, porque lle coñeceron que ían cara a Xerusalén. Ao veren isto, os discípulos Santiago e Xoán dixeron: «Señor, queres que digamos que baixe do ceo un raio que os parta?» Mais el volveuse e rifoulles. E foron para outra aldea. Polo camiño, díxolle un: «Seguireite, vaias onde vaias.» Respondeulle Xesús: «As raposas teñen tobeiras, e os paxaros teñen niños; mais o Fillo do Home non ten onde pousar a cabeza.» Díxolle a outro: «Sígueme.» Mais el contestoulle: «Déixame ir primeiro enterrar a meu pai.» Respondeulle: «Deixa que os mortos enterren os seus mortos: ti vai anunciar o Reino de Deus.» Outro díxolle tamén: «Señor, seguireite, mais deixa que primeiro me despida da miña familia.» Contestoulle: «Quen despois de pór a man no arado, mira para atrás, non é apto para o Reino de Deus.»

A PALABRA

Lúa hai uns instantes sobre a *Gay Pride*, a festa da xente que ama e síntese orgullosa se facelo. Cando entenderemos que esa xente é a que salva a humanidade hoxe, o reduto de santos e santas que aman e axudan co seu amor magoado a que os polos non se desfagan tan axiña, se cadra. Quen sabe? O mesmo é ese amor o que mantén a Terra dando voltas, aínda.

Tanto nos ten a quen, como, cantas veces e en que posturas amades, por favor non paredes.

Porque so o amor visible, o que ergue o caído, cura, sanda feridas, coida e gasta todos os recursos habidos é certo. O amor fero que se xoga o tipo.

O amor que non se ve, que non se toca, o da xente ben que sempre ten razón e sabe o que compre facer, chegar puntual, cumprir coas obrigas laborais e legais, pagar impostos. O de quen xulga e decide a quen deben amar os demais ese amor simplemente, é mentira, mentres non demostren o contrario.

Se non amas, cala porque so desde o amor podes dicir verdades e acompañar salvacións e curacións. Se non amas estás morto.

Cantas veces lle daríamos voltas a iso de amar con todo, co ser, co corazón, co pensar todo... como será? Adiviño ben que so o saberei cando sexa, verase e tocarase o meu amor. Non haberá que imaxinalo.

Cando, Amor, ocupes todo o meu ser, cando, Amor que son, sexas o meu amo, os demais saberano; daquela abondará saber que estás aí, cumprindo a túa promesa, e vivirei, e serei libre ao fin. E darame igual que se metan cos meus amores os mortos. Prométocho.

Christina

A CLAVE

O ECO

# Falando da lingua Ondeando palabras

Lidia e Valentina



Para comer de vello galiña, hai que comer de novo sardiña

Como transcorre o verán? Que está a tocar? Monte? Mar? Urbe? No mar quedamos da última volta e coa fala do mar imos continuar hoxe, aínda que andamos algo desgustadas Si... Isto é coma quen tira pedras ó mar, ou coma quen ata moscas polo rabo, coma quen malla en ferro frío, coma quen oe chover Nós estamos aquí a predicar, pero évos coma aquel conto de “predica meu fraile, que por una orela me entra e por outra me \*sai-le”. Polas areas galegas das praias do noso benquerido Atlántico e mais do Cantábrico, a lingua galega non pousa Será que os de aquí non van

á praia? E serán todos de fóra? Parecer, parece...

Así e todo, moito galego se leva falando, e que rica é a fraseoloxía do mar, así que non imos afogar en pouca auga... A nós parécenos que andamos por bon mar, paseniño, pero seguro. Ás veces semella que estas cuestións do noso idioma fan auga por todas as xuntas Faremos de tripas corazón e non desesperaremos

Gaivotas en terra, mariñeiros á merda; gaivotas no mar, mariñeiros a pescar Tédelo oído? A primeira quere dicir que vai vir mal tempo; a segunda, que o tempo vai ser bo. E

“grande é o demo e non hai quen o queira”? Botade man deste dito cando vos ofrezan algo, pero escolledes rexeitalo porque non vos fiades.

Gustounos ben aquilo de “lombrigar o día” para expresar que aparecen as primeiras luces da alba. É menos agradable se oímos que a alguén lle meteron un merlo no medio do peixe, porque quererá dicir que o están a enganar.

O polbo é ben recorrido... Poden dicir que alguén mudou de color coma o polbo cando se deixa levar por calquera. Ou mazan en alguén coma nun polbo, cando recibe una boa malleira. Agora ben, coma a sardiña... Porque quen queira mal á veciña, déalle no abril sardiña. E a sardiña no maio, que a parta un raio. Xa vos decatariades de que polo san Xoán, a sardiña molla o pan Quizais vos teñan dito que coa “operación biquini” quedastes coma a sardiña polo rabo. Nós marchamos, ata despois do verán, se nos queren!, xa non cabe máis, que van aquí metidas letriñas coma nunha lata de sardiñas...

Bo verán!!! Facede pola nosa lingua!!!

## O Fachineiro das eleccións

### A torre da derrota

Titulamos con palíndromo de Gonzalo Navaza, porque este debería ser o fachineiro dos libros do verán, pero á vista do país no que vivimos, non se me ocorren moitos máis títulos ca *Asasinato no Consello Nacional*, unha novela negra coma as nosas perspectivas de futuro. Porque nas eleccións demos por bos os casos de corrupción, premiamos a lei mordaza, validamos a reforma laboral e a precariedade, consentimos os recortes en educación, investigación, sanidade ou dependencia, lexitimamos a Lei Wert coas súas reválidas, vimos con bos ollos que os defraudadores se acollesen a unha amnistía fiscal, concordamos co IVE cultural e a po-



lítica lingüística, parécenos sensato que o ministro do interior utilice os mecanismos do estado para espíar e atacar aos rivais políticos, permitimos que se continúe coa política de refuxiados posta e práctica ata o momento, ou facemos a vista obesa ante os que aparecen en papeis de paraísos fiscais. E, ademais, ao pobo galego, non lle interesa ser galego, tanto lle ten ter voz coma ficar mudo, non só dicimos que chove cando mexan por nós, senón que queremos que mexen máis. Cautivo e derrotado o voto progresista, os populares alcanzaron os últimos obxectivos electorais. Como dixo Feijoo, misión cumprida.